

Círculos viciosos

M. Lourenzo González

Por que tería tanto apetito esa mañá? Marla entrou na cociña boceando e sentouse á mesa. O recendo do café anegoulle as ventas. Sen a penas abrir os ollos, botou o cacao na taza, logo o leite. Remexeu. ¿Que soñaría esa noite que non conseguía lembrar? Prestaríalle máis unha fechiña de café, pero os pais aínda non a deixaban, só nas festas e nas grandes ocasións. Todo o mundo recorda os seus soños, ¿por que ela non? Espeliuse algo ao escoitar as voces da nai espertando o seu irmán por terceira vez. As mañás na casa dos López-Aguiar eran terribéis. Estricou o brazo para alcanzar a caixiña de cereais Strelo, que lle engadía ao cacao cando tiña moito apetito. E aí foi a gran sorpresa. Porque no exterior do envase, no medio dos bonecos de rostros felices que engulipaban cereais Strelo a mancheas, dicía un letreiro: «¡Esperta, calamidade! ¿Que fas aínda na casa? Vas chegar tarde e quedarás sen o premio. ¿Duchácheste? Non esquezas usar xel xabonoso Pulave, que che deixa a pel fresca e suave». Marla refregou os ollos, pestanexou varias veces e volveu ler. «Cereais con froitas Strelo, para unha alimentación sa e equilibrada.» Nos outros lados do paquete figuraban a composición química, as indicacións técnicas, o fabricante. Tivera unha estraña alucinación, consecuencia de non durmir suficiente, como diría a súa nai.

O cuarto de baño achábase desocupado. Correu a sentar o cu na taza e, como adoitaba facer, distraeuse lendo as etiquetas dos produtos que tiña perto. Sobresaltouse con outra sorpresa. O bote

que collera dicía: «Debes vestir a camiseta Randall e os botíns Irida, calquera outra combinación resultará falida. Pero bule, non podes ir a paso de tartaruga... ¡Vamos! ¡Móvetel!». O abraio foi maior ao se decatarse de que o que lía era precisamente o bote de xel xabonoso Pulave, un antollo caro do seu irmán. Leu de novo e, ao non achar no bote máis que as clásicas notas de todos os botes de xel de ducha, esta vez intuía un aviso do seu subconsciente, que se sentiría culpábel por non ter estreado aínda estas prendas con que a agasallaran polo seu aniversario.

Abandonou o baño entre os improprios do irmán e da nai, el ansioso por entrar e ela porque entrase el e acabase dunha vez, que aínda o ían botar da empresa, que non se podía chegar tarde os primeiros días, que un traballo coma ese era difícil de atopar e que entre o un e a outra ían acabar con ela.

A ducha sentáralle ben, agora atopábase limpa, relaxada e, sobre todo, esperta. Marla decidiu contentar o instinto e calzar os botíns Irida e vestir a camiseta Randall. Non estaba segura de que lle gustasen, pero para sabelo tería que probalos, e aquel era un día tan bo coma outro calquera. Foi abrir as correspondentes caixas e esta vez non puido reprimir un berro. A nai acudiu correndo, botando pestes pola boca e queixándose da mala vida que lle tocara, que ela non fixera nada para merecer semellante condena. Marla non afastaba a vista das tapas. Na dos botíns dicía con grandes letras: «¿Sabes que debes cambiar pero non sabes o que queres facer?» E na da

camiseta: «Bombóns Tippi poncho fácil. Só tes que escoller». Fitaba as tapas para evitar que desaparecesen as frases como pasara antes; esta vez eran absolutamente reais: alí estaban aqueles eslogans que non tiñan nada que ver coas prendas. ¿Con que terían que ver? ¿Que clase de broma era aquela, de quen, por que? E, sobre todo, ¿como o facían?

A nai non atopou nada raro nas caixas, o que si atopou foi unha calamitosa desorde no cuarto; Marla tiña que arraxalo pola tarde ao tornar do colexio. A rapaza tampouco viu nada anormal en canto se fixou mellor; eran envases de roupa e calzado semellantes a outros, que só anunciaban os produtos que contiñan. Moi intrigada, acabou por esculcar canta caixa, envoltorio, bolsa, bote ou botella con letreiro atopou a man. Todo era normal, todo era como debía ser. Ata que foi abrir a porta para saír. No recibidor, enriba do arcón, había unha caixa de bombóns Tippi. A nai tampouco sabía como chegaran á casa; sería cousa do avó, que agora gozaba dilapidando os cartos da pensión en larpeiradas. A nena escolleu un ao chou. Ao pechar a tapa, puido ler: «En canto esteas na rúa, aínda que sexa día, marabillate coa Lúa. ¿Que fas? ¡Non quedes mirando coma unha pasmona! ¡Corre!». Esta vez non berrou nin se asustou, case nin se estrañou. Como esperaba, abondou con que pechase os ollos un segundo para que as palabras se convertesen nun vaso de leite, cacao, azucre, manteiga, abelás e as enguedelladas letras de «Bombóns Tippi».

O autobús escolar chegou puntual, pero Marla non subiu. Agachouse tras a




ANTONIO SANTOS.

sebe para que non a visen, porque polo outro cabo da rúa viu achegarse, vagariñamente, unha brillante lúa sobre unha vella camioneta. Con música de pasodobre como fondo, un altafalante pregoaba a actuación do Circo da Lúa en funcións de 5, 7,30 e 10 da tarde na explanada de Matogrande. O autobús xa ía lonxe cando a tartana chegou á altura da parada. Marla non lle quitaba ollo, esperando dexergar algunha nota estraña entre os

risos dos pallasos e as trompas dos elefantes nos carteis que rodeaban a lúa de cartón pedra. Non viu nada que lle chamase a atención, pero cando xa se afastaba, a voz mudou o ton e dixo: «E se queres ter un día do máis simpático, non deixes de ir ao Parque Acuático. ¡Pero non demores, que os outros lévanche moita dianteira!» Logo volveu ao seu: «Circo da Lúa, en funcións de 5, 7,30 e 10 da noite...».

Marla xa tomara unha decisión. Aquilo eran sinais que a guiaban cara a algures. Non entendía o que ocorría, pero ía seguir o xogo por ver onde a levaba. O único que a preocupaba era faltar ao instituto; ora, sabía de compañeiros que faltaban a miúdo e o mundo non deixaba de xirar, así que pouco se ía notar que ela faltase un día.

O autobús número 7, que cubría a liña ata o Parque Acuático, tardou uns vinte



ANTONIO SANTOS.

minutos. Marla fixo nese tempo toda clase de cábalas sobre o que podía suceder. Aquela quizais fose a aventura da súa vida, sempre a recordaría. Por certo, nunha das primeiras notas mencionábase un premio, ¿que premio podía ser?

O Parque Acuático quedaba no outro extremo da cidade, pero atopábanse carteis anunciadores desde o centro. Nun deles, despois de xirar nunha rotonda, inseríase no medio de tobogáns e piscinas: «En supermercados Potato atoparás de todo e máis barato». Baixou na seguinte parada e preguntoulle á primeira persoa coa que se cruzou polo supermercado Potato. Era un home de baixa estatura que levaba na lapela do abrigo o distintivo do Banco Ibérico. Ao tempo que acenaba con xestos vivos, díxolle: «O Potato áchase naquela praza, entre a farmacia e a librería, ¿ves? Pero se un xogo divertido queres xogar, en Turris Turrutis debes entrar». E marchou co seu paso breve e apurado. Marla quedou chantada no medio da rúa sen saber a onde se dirixir, xa que non tiña idea do que podía ser

Turris Turrutis e dáballo reparo preguntar por un nome tan estafalario; podían pensar que se estaba burlando.

Atreveuse cunha señora con traza de artista, pola súa vestimenta e a melena de cor fucsia. Antes de que Marla abrise a boca, foi a señora quen lle preguntou: «Por favor, nena, ¿saberíasme dicir onde hai un supermercado Potato?» Íalle repetir o que lle dixeran a ela, mais no último intre contestou cunha negación o máis educadamente que soubo. Porque se acababa de decatarse que esa muller tamén seguía as pistas do premio. Era unha das persoas que competían por el, e Marla, lamentándoo moito, non a ía axudar.

Afastouse mirando en todas as direccións en busca dalgún anuncio que rezase Turris Turrutis. Mais non o achou no aire, senón no chan. Un papel arrastrado polo vento anunciaba as excelencias dos xoguetes Turris Turrutis, e tamén: «Non te perderás na busca se bebes refresco de cola Truska». Cando collía o papel, unha man enérxica arrebatoullo. Un mozo de chapeu e gabardina leu o contido

con ollos atentos, fitouna con cara de poucos amigos e alancou en dirección á cafetería máis próxima.

Marla seguiu correndo, adiantouno e entrou primeiro. Era un local minúsculo e na barra amoreábanse un centenar de persoas de todas as idades e condicións, todas a pedir a berros refrescos de cola Truska. O camareiro toleaba co tropel inesperado de clientes. Detrás aínda entrou a muller con fasquía de artista e dúas ducias máis de persoas desexosas de beber refrescos de cola Truska. Por fin, o camareiro reaccionou, abriu o frigorífico e quitou unha Truska. Era a única que tiña, agora se entendía o porqué do seu azoramento. Non se decidía a quen lla dar. Marla, que era de corpo miúdo, coouse como puido e quitoulla das mans. Logo saltou por riba da barra e de varias cabezas para fuxir pola rúa. Tras unha esgotadora carreira, perseguida por cento e pico de seres enrabechados, parou a ler a etiqueta: «¡Parabéns! Acabas de gañar o premio: Para que a túa vida non sexa un continuo pesadelo, convidámote a espertar con...». E non puido ler máis, porque a barafunda bótouselle enriba para lle quitar a botella. A nena sentiu o seu corpiño golpeado, rabuñado e esmagado ata faltarlle o alento. Quería berrar, pero non lle saía a voz. Sentíase morrer. ¿E cal sería o premio prometido? A botella xa non a tiña nas mans. Entre a dor e o agobio, buscaba na mente algo que rimase con pesadelo. ¿Que sería? E atopouno: «¡¡Cereais Strela!!» Ao dicilo, incorporouse e abriu os ollos.

A nai acababa de entrar no cuarto. Prendeu a luz e advertiuna de que debía apurar se quería chegar a tempo. O mesmo dicía do irmán, que non se daba levantado. Coma sempre, queixouse da desorde. E de que tivese tantas cousas, moitas máis das que necesitaba. E de que agora só faltaba que acordase berrando a viva voz as marcas dos produtos; que non podía deitarse tan tarde e que xa estaba ben de tanta televisión e tantas revistas e tantos anuncios.

Marla, sentada na cama, tratou de reconstruír o soño na súa mente sen conseguilo. Nunca chegaba a recordar o que soñaba, ¿por que sería? Mmmm, notaba un forte apetito. Medio adurmiñada aínda, levantouse e dirixiuse á cociña.